

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 05/04/1978**

**Colección:**

**Data:** 05/04/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descritiva:**

[Carta mecanografiada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Literatura;

**Mencionados:**

Isaac Díaz Pardo; Evelina Hervella; Ramón Martínez López; Maruxa Seoane;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 05/04/1978**

Buenos Aires, 5 de Abril de 1978  
Sr. D. Francisco Fernández Del Riego  
Vigo

Querido Del Riego:

Recibín a tua carta do 6/III e os números 56 a 59 de Grial. A carta con noticias que che agradezo moito. Eu estou feito unha calamidade, perdín, creo, espero que sea momentáneo, todo o entusiasmo no traballo e téñoo dabondo, mais non atino a comezar. Funme arredando de moitas cousas e non sei cal será o porvir noso. Eu tiña, de acordo con Isaac, unha especie de programa de fundacións prácticas, que

xa non se levarán a cabo, orientadas cara ás necesidades primeiras dos campesiños, programa en xeral de educación, para crear entidades máis efectistas, totalmente inútiles para Galicia pero que lle sirven á propaganda da porcelana, aforrando a inversión de cartos na publicidade e desenvolvéndose de xeito caprichoso con respecto aos problemas de Galicia, dos que ten un descoñecemento absoluto. Unha primeira fase cumpríuse con moito éxito polo Museo Carlos Maside, mais él desfixo, nas miñas ausencias, a continuidade da laboura que se emprendera. E eu, o maior donante, o único que mercou cadros para dar unha primeira idea do arte actual galego, e o que conqueirou as outras donacións non facendo nada para aparecer dirixíndoo, negándome incluso a falar ou facer nada que podese identificarme con esa laboura, algo que xa experimentara no traballo da colectividade de Buenos Aires, quedei separado en parte da súa orientación. O programa do Museo que non se puido levar a cabo, e que fixen totalmente eu, é o que está publicado no primeiro número do L. F. Ben, xa estou separado practicamente do Museo, ou estaréi xunguido a él si me resigno a obedecer as súas ocorrencias e actúo como unha especie de empleado. Galicia, por outra parte, por necesidade deles seguramente, adora aos empresarios, continúa importándolle pouco ou (sic) non ter conciencia de que a primeira fase de calquer revolución é cambear o sistema de vida que foi herdado, posibilitando á xente, a traveso do coñecemento do que o rodea, a estudar os medios de explotación industrial dese coñecemento. Isto falámolo cen veces en Buenos Aires, e deixouse escrito nas cartas que cruzamos. E de todo isto fai él caso omiso en beneficio da propia industria e non como aparenta, de Galicia. Eu desafogo hoxe contigo, molestándote con isto, cuíus proietos non me beneficiaban a min persoalmente. Digocho, penso, porque eres un dos poucos, tamén, que emprenden moita obra en beneficio de Galicia e non personal. Eu continuo sendo incapaz de que non se me note na faciana o meu disgusto ou a miña repugnancia. Que en tantos anos de Compostela non fun capaz de adeprender a sorrir e a abrazar os inimigos e os traidores, cecáis porque non mo esixiu o clima social en que sempre vivín. Os cartos para esta obra tiñan de xurdir da Fábrica de Sargadelos. Mais nunca establecimos que as ideas e os feitos culturais tiñan de sere orientadas pola súa xerencia. Perdóame este desfogo, tiña necesidade de telo con algún amigo coma ti con quen estiven en contacto dende os anos de estudante en Santiago, e tendo, nos peores intreos, participado en empresas comúns.

Outro problema é o da política galega. Aquí ninguén está contento. Eu tampouco. Penso que non interesamos ao centralismo e tampouco os que sempre supuxemos aliados, a Cataluña e Euzkadi, que nos muxen o mesmo que Madrid. Foi un erro, matino, en declarar disolto o Partido Galeguista.

A Isaac remitinlle a lista dos pertencentes ao Partido Galeguista, dirixíuse logo a eles. Remitinlle tamén a lista de colaboracións, claro está, xa todo feito, onde lle pedíu un traballo sobre hestoria a Martínez López. Contestéille decíndolle que tiña de pedirillo encol da súa especialidade, e a tí sobor política cultural galega entre 1936 e o 76, que creo é moi necesaria en este intre, proietándose na tua colaboración a que ten de seguirse no porvir. Logo desto non sei máis nada.

E non quero facer máis extensa esta carta. Unha gran aperta para Evelina e pra ti de Maruxa e miña:

Seoane

[Escrito a man na marxe superior esquerda:] Montevideo 1985-13º Dto. 68 1021-Bs Aires

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.